

# VIEIROS

Máis Alá

Xestionado por [Vieiros](#)

26 DE XANEIRO EN VIGO

## **Álvarez Caccamo repetirá o discurso co que seu pai ingresou na RAG**

No acto de homenaxe a Álvarez Blázquez tamén se lerá a réplica que orixinalmente lle realizara Bouza Brey, na voz do fillo deste, Fermín Bouza Álvarez.

Redacción - 09:00 23/01/2008

Cando Xosé María Álvarez Blázquez ingresou na Real Academia Galega en 1964 quixo ler o seu discurso, *Cantares e romances Velloso prosificados*, no Pazo Quiñones de León, en Vigo. Segundo Álvarez Caccamo, isto non foi posíbel debido a motivos políticos, e o acto definitivamente tivo que celebrarse na Coruña.

Agora, 44 anos despois, cumprírase o desexo de Álvarez Blázquez a través dun dos seus fillos. Xosé María Álvarez Caccamo repetirá o discurso de seu pai e será replicado por Fermín Bouza Álvarez. Isto non é casual, pois orixinalmente a réplica fora realizada polo pai deste, Fermín Bouza Brey.

O acto central de celebración das Letras Galegas terá lugar o 17 de maio, e celebrárase en Vigo, nun escenario aínda por concretar. O secretario da Real Academia Galega, Manuel González, explicou que esta institución "ten unha débeda coa cidade de Vigo, debido á importancia que a cidade tivo dende o punto de vista social e cultural no conxunto de Galiza.